

Convocatoria conxunta da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se establecen as bases e se convocan premios para o profesorado que realice webquests e para o profesorado e o alumnado que elabore libros web colectivos sobre a autora homenaxeada no Día das Letras Galegas.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria desexan reorientar a oferta de materiais destinados aos centros de ensino con motivo do Día das Letras Galegas. A finalidade desta nova orientación pretende dar resposta ás seguintes necesidades:

- Potenciar o estudo da obra e da época de María Mariño Carou
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías
- Enriquecer a oferta de materiais existentes para o traballo na aula en lingua galega
- Fomentar a colaboración interdepartamental e ofrecer proxectos atractivos e orixinais de traballo nas aulas
- Propiciar a reflexión sociolingüística sobre esta etapa histórica
- Promover unha maior difusión dos traballos realizados que estimule a implicación e sirva de referente para outros centros
- Impulsar a realización de actividades que potencien a implicación activa do profesorado e do alumnado

Con este motivo, acordan realizar convocatoria conxunta que a seguir se desenvolve:

Modalidade A. Webquest¹

Artigo 1º. - Obxecto da convocatoria

Convocar catro premios para a realización de webquest que se ocupen, entre outras contextualizacións nas correntes artísticas e de pensamento da época, da situación da lingua galega en relación coa obra da autora homenaxeada no ano 2007, a poetisa María Mariño Carou. As webquests deberán elaborarse utilizando a ferramenta phpwebquest² adaptada para esta convocatoria que se atopa no enderezo: <http://www.edu.xunta.es/contidos/concursowq/>

Artigo 2º.- Persoas destinatarias

Poderá participar todo o profesorado de ensino non universitario, tanto da Comunidade Autónoma como da Galicia exterior.

Artigo 3º.- Categorías

Establécense dúas categorías:

- a) Para aquelas cuxos contidos vaian dirixidos ao ensino infantil e primario
- b) Para aquelas cuxos contidos estean dirixidos aos demais niveis de ensino non universitario

Artigo 4º.- Número e contía dos premios

Concederáse:

Un 1º premio de 600€ por cada unha das categorías

Un segundo premio de 300€ por cada unha das categorías

O importe entregaráselle ao autor ou autora da webquest.

¹ Para informarse sobre as webquests pódese consultar a “Guía rápida para saber que é unha webquest” que se encontra no enderezo: http://www.edu.xunta.es/contidos/portal/documentacion/guia_webquest.pdf.

² phpwebquest é un asistente para elaborar webquest pensado para profesorado sen coñecementos de informática.

Artigo 5º. - Prazo de presentación

Os traballos deberán ser presentados antes do 15 de abril de 2007. A partir desa data non se poderán introducir modificacións nin novos contidos e as webquest realizadas entrarán na fase de concurso.

Artigo 6º.- Solicitudes e proceso de presentación

Para participar no concurso, os/as docentes participantes deberán seguir este procedemento:

1.- Cada profesor ou profesora deberá solicitar a súa participación enviando unha mensaxe dende a súa conta de correo persoal do dominio edu.xunta.es ao enderezo contidos@edu.xunta.es. Nesta mensaxe deberá indicar o seu nome completo, o seu DNI e o seu centro de destino.

2.- Nun breve prazo de tempo, o/a solicitante recibirá unha mensaxe de resposta cun nome de usuario e un contrasinal que lle darán acceso á ferramenta phpwebquest adaptada para a participación nesta convocatoria, que se encontra no enderezo seguinte:

<http://www.edu.xunta.es/contidos/concursowq/>

3.- Se o solicitante for profesor ou profesora dun centro privado non concertado e non tiver conta do dominio edu.xunta.es, terá que enviar igualmente unha mensaxe dende a súa conta persoal ao enderezo contidos@edu.xunta.es, pero a resposta co nome de usuario e o contrasinal chegaralle por correo ordinario ao seu colexio. De ser profesor dun centro sostido con fondos públicos e non ter conta do dominio edu.xunta.es, deberá solicitala previamente dende o web <http://www.edu.xunta.es/correo>. O profesorado dos centros concertados deberá remitir previamente o documento “centrosprivados.doc” (modelo anexo II) que atopará no enderezo:

<http://www.edu.xunta.es/xade/descargas/centrosprivados.doc>



4.- Recibidos o nome de usuario e o contrasinal, o profesorado participante poderá introducir unha ou varias propostas de webquest e facer nelas tantas modificacións lle parezan pertinentes entre o 1 de marzo e o 15 de abril de 2007 ás 15:00 horas. Finalizado este prazo, pecharase o acceso á ferramenta e as webquests entrarán na fase de concurso.

Artigo 7º.- Comisión de selección

Para o fallo dos premios establecerase un xurado formado por:

- A secretaria Xeral de Política Lingüística ou persoa en quen delegue
- A xefa do Servizo de Plans, Programas e Asesoramento Lingüístico
- Un coordinador ou coordinadora de galego dependente da Secretaría Xeral de Política Lingüística
- A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue
- A xefa de servizo de Ordenación e Innovación Educativa
- Un asesor ou asesora técnica encargada dos contidos educativos

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles proxectos que coide pertinentes.

Artigo 8º.- Criterios de valoración

A comisión seleccionará os traballos premiados tendo en conta os seguintes aspectos:

- Carácter motivador e orixinalidade da proposta
- Ampliación da perspectiva de coñecemento da autora, alén das referencias biográficas non contextualizadas



- Inclusión de cuestións relacionadas coa situación sociolingüística na época de María Mariño
- Introducción de elementos que axuden a coñecer o contorno xeográfico, histórico, económico e ideolóxico da época da autora e que insiran a súa obra nas correntes artísticas, literarias e de pensamento do seu tempo.
- Nivel de implicación e incidencia na comunidade educativa
- Corrección lingüística do texto da proposta

Artigo 9º.- Requisitos xerais das experiencias e dos materiais

Os materiais que se presenten deberán reunir os seguintes requisitos xerais:

- Os traballos deberán ser orixinais, non comercializados e non premiados anteriormente.
- Os traballos deberán ser redactados e presentados en lingua galega acorde coas normas aprobadas pola Real Academia Galega no 2003.
- O material presentado non poderá incluír publicidade de empresas, produtos ou servizos comerciais.
- O material presentado non poderá incluír imaxes de menores.
- En todas as webquests eliminaranse os estereotipos sexistas ou discriminatorios e fomentarse o igual valor de homes e mulleres.

Artigo 10º.- Difusión e publicación das experiencias e materiais.

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso dos traballos premiados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dos dereitos de edición.



No caso de que os autores decidisen publicar por outras vías os traballos premiados, deberán solicitar o permiso correspondente. De ser a resposta positiva, na publicación deberá constar expresamente o premio de que foi obxecto.

Os autores e as autoras quedarán comprometidos a realizaren as modificacións precisas nos documentos finais para que poidan ser publicados total ou parcialmente no formato máis adecuado.

Artigo 11.- Resolución

A decisión do xurado farase pública na primeira quincena do mes de maio e a relación de premiados e mais os seus traballos serán publicados no Portal Galego de Contidos Educativos: <http://www.edu.xunta.es/contidos/portal/index.htm>, así como no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.xunta.es/linguagalega>

Modalidade b. Libro web colectivo

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e mais a Consellería de Educación ofrécenlle ao profesorado e ao alumnado dos centros educativos un espazo web para a realización dun libro colaborativo sobre a obra, época e lingua da autora homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas, María Mariño Carou, e/ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica en que esta viviu.

Un libro web colectivo é un espazo para o traballo colaborativo onde cada coautor pode publicar a súa páxina e nela escribir os seus propios textos, corrixilos e modificalos e mais ilustralos con imaxes, comentar os suxeridos ou introducidos polo profesorado e polos compañeiros e compañeiras, etc. Aqueles que queiran participar nesta convocatoria terán á súa disposición unha ferramenta que lles permitirá publicar o seu traballo sen necesidade de coñecementos informáticos.

Artigo 1.- Obxecto da convocatoria

Aínda que o libro poderá usarse con propósitos diferentes e adecuados aos distintos niveis educativos (como caderno de bitácora en que o alumnado comente os artigos, as ideas, os textos... suxeridos polo profesorado; como lugar de publicación de traballos do alumnado, individuais ou colectivos, etc.), os contidos deberán versar sobre a obra, época e lingua da autora homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas, María Mariño Carou, e/ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica en que esta viviu. Evitarase centralos na biografía da autora e, por suposto, en calquera tema alleo á celebración do Día das Letras Galegas.



Artigo 2- Persoas destinatarias

Poderá solicitar a súa participación todo o profesorado de ensino non universitario, tanto da Comunidade Autónoma coma da Galicia exterior, e crear un libro con un ou máis grupos de alumnos e alumnas.

Artigo 3- Solicitude de participación

Cada centro ou grupo de alumnos/as que desexe participar deberá ter cadanseu profesor ou profesora responsable dos contidos colgados no libro. Este deberá seguir o procedemento que se indica a continuación para solicitar a súa participación:

1.- A partir do día 15 de abril poderá pedir espazo para o seu libro enviando unha mensaxe dende a súa conta de correo persoal do dominio edu.xunta.es ao enderezo contidos@edu.xunta.es. Nesta mensaxe deberá indicar:

- O seu nome completo
- O seu DNI
- O seu centro de destino
- O nivel educativo a que irá destinado o libro
- O título deste, que non deberá ter máis de 30 caracteres. A administración do concurso incluírá na portada do libro o título e autor/es.
- Un breve prólogo ou texto introdutorio, que a administración do espazo web colocará na primeira páxina do libro, en que explique cal vai ser o contido concreto e a orientación do libro.

2.- Nun breve prazo de tempo, o/a solicitante recibirá unha mensaxe de resposta cun nome de usuario e un contrasinal co que el/ela e mais o seu alumnado poderán entrar no asistente para a creación do libro que se encontra no enderezo: <http://www.edu.xunta.es/contidos/libros>.

3.- Se o solicitante for profesor ou profesora dun centro privado non concertado e non tiver conta do dominio edu.xunta.es, deberá enviar igualmente unha mensaxe dende a súa conta persoal ao enderezo contidos@edu.xunta.es, pero a resposta co nome de usuario e o contrasinal chegaralle por correo ordinario ao seu colexio. De ser profesor dun centro sostido con fondos públicos e non ter conta do dominio edu.xunta.es, deberá solicitala previamente dende o web <http://www.edu.xunta.es/correo>. O profesorado dos centros concertados deberá remitir previamente o documento “centrosprivados.doc” (modelo anexo II) que atopará no enderezo <http://www.edu.xunta.es/xade/descargas/centrosprivados.doc>

Artigo 4.- Proceso de publicación

- A partir do día 1 de maio, e ata o 31 do mesmo mes, cada docente, co grupo de alumnos/as de que se faga responsable, poderá acceder ao asistente de creación de libro web co nome de usuario e co contrasinal que lle foron asignados.
- Unha vez dentro da aplicación, na sección “Libros” do menú da esquerda, deberá escoller o seu libro, que figurará co título proposto. Só poderá engadir páxinas a un libro propio. De engadir páxinas nun libro alleo, non se publicarán e o seu contido será eliminado.
- Cando se seleccione o libro correspondente, aparecerá a portada, onde ha figurar o seu título e os seus autores, amais do índice, en que inicialmente se verá o prólogo. Portada e prólogo, así como o resto de páxinas, poderán ser modificadas polos autores seleccionándoas e premendo na pestana “editar”.

- Para crear novos capítulos ou páxinas, deberá colocarse na portada do libro e premer sobre ela ou no título. A continuación, deberá pulsar co rato na opción “engadir páxina filla” e encher o formulario que aparece na pantalla. Terá que cubrir obrigatoriamente só os campos precedidos por asterisco. Para asegurar a correcta colocación das distintas páxinas do seu libro, o campo título deberá comezar por un díxito do 01 ao 99 que indique o número de capítulo de que se trate. No campo “Corpo” existe a posibilidade de introducir texto e mais imaxes. Non debe esquecer premer no botón “enviar” antes de abandonar o asistente.
- Os contidos creados serán moderados. É dicir, non serán visibles no web ata ser aprobados polo administrador do espazo web. Nun breve prazo de tempo, o administrador da Consellería de Educación autorizará a publicación da nova páxina, que poderá verse no ordenador e imprimirse xunto co resto do libro. Tamén se poderán ver os libros elaborados por outros centros educativos.
- O administrador do espazo web moderará os traballos tendo en conta os seguintes criterios:
 - ✚ A lingua utilizada deberá respectar as normas ortográficas aprobadas pola RAG no 2003
 - ✚ Os libros non poderá incluír publicidade de empresas, produtos ou servizos comerciais nin imaxes de menores.
 - ✚ Os contidos non poderán ser ofensivos nin discriminatorios e deberán empregar unha linguaxe non sexista

No URL do concurso <http://www.edu.xunta.es/contidos/libros>, no bloque de “Axuda”, dispón dunha sinxela e completa axuda a modo de libro modelo titulada “Como facer un libro”

Disporá no mesmo URL dunha caixa de correo a través da que poderá enviar as súas suxestións ou preguntas, que lle serán respondidas no seu correo electrónico.

- O profesor ou profesora responsable de cada libro elaborará a súa publicación tendo en conta:
 - ✚ A adecuación ao tema proposto
 - ✚ A calidade e orixinalidade dos traballos presentados
 - ✚ O respecto á lexislación vixente en materia de propiedade intelectual (para máis información sobre isto, cfr. O punto 7, “Propiedade intelectual”, das *Recomendacións para a redacción e deseño de páxinas web*” que se encontran no enderezo http://www.edu.xunta.es/contidos/guia_boas_practicas/)
 - ✚ A consideración dos requisitos que terá en conta o moderador do espazo web para autorizar a publicación das páxinas

Artigo 5.- Difusión e recoñecemento:

Os cadernos ou libros colectivos seleccionados serán recoñecidos con premios e difundidos ao resto da comunidade educativa a través do Portal Galego de Contidos Educativos, <http://www.edu.xunta.es/contidos/portal> e do web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.xunta.es/linguagalega>

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso dos traballos premiados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dos dereitos de edición.

No caso de que os autores decidisen publicar por outras vías os traballos premiados, deberán solicitar o permiso correspondente. De ser a resposta positiva, na publicación deberá constar expresamente o premio de que foi obxecto.

Os autores e as autoras quedarán comprometidos a realizaren as modificacións precisas nos documentos finais para que poidan ser publicados total ou parcialmente no formato máis adecuado.

a) Categorías

Establécense dúas categorías:

- Para aqueles libros cuxos contidos vaian dirixidos ao ensino infantil e primario
- Para aqueles libros cuxos contidos estean dirixidos aos demais niveis de ensino non universitario

b) Número e contía dos premios:

Concederáse:

- Un primeiro premio, por importe de 600€, por cada unha das categorías, que consistirá en produtos relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación, elixidos segundo as preferencias persoais do profesorado premiado. Pola súa banda, o alumnado participante no libro web seleccionado recibirá un lote de agasallos, entre eles, un lapis USB.
- Un segundo premio, por importe de 300€ por cada unha das categorías, que consistirá en produtos relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación, elixidos segundo as preferencias do profesorado premiado. Pola súa banda, o alumnado participante no libro web seleccionado recibirá un lote de agasallos, entre eles, un lapis USB.

c) Comisión de selección:

Para o fallo dos premios establecerase un xurado formado por:

- A secretaria Xeral de Política Lingüística ou persoa en quen delegue
- A xefa do Servizo de Plans, Programas e Asesoramento Lingüístico
- Un coordinador ou coordinadora de galego dependente da Secretaría Xeral de Política Lingüística
- A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue
- A xefa de servizo de Ordenación e Innovación Educativa
- Un asesor ou asesora técnica encargada dos contidos educativos

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles proxectos que coide pertinentes.

d) Criterios de valoración

A comisión seleccionará os traballos premiados tendo en conta os seguintes aspectos:

- Carácter motivador e orixinalidade da proposta
- Ampliación da perspectiva de coñecemento da autora, alén das referencias biográficas non contextualizadas
- Inclusión de cuestións relacionadas coa situación sociolingüística na época de María Mariño
- Introducción de elementos que axuden a coñecer o contorno xeográfico, histórico, económico e ideolóxico da época da autora e que insiran a súa obra nas correntes artísticas, literarias e de pensamento do seu tempo.
- Nivel de implicación e incidencia na comunidade educativa
- Corrección lingüística do texto da proposta



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

e) Resolución:

- A decisión do xurado farase pública antes de que finalice o mes de xuño e a relación de premiados e mais os seus traballos serán publicados no Portal Galego de Contidos Educativos

<http://www.edu.xunta.es/contidos/portal/index.htm>, así como no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.xunta.es/linguagalega>.